

**NORMAS PARA A PRESENTACIÓN E A DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO**
(Aprobado na Comisión do Traballo Fin de Grao do 14 de maio de 2021)**CURSO: 2020 / 2021**

A Normativa do Traballo Fin de Grao da Facultade de Química establece que para a avaliación do TFG os estudantes elaborarán unha memoria escrita que será defendida en sesión pública fronte a un tribunal. Por outra banda, a Comisión do TFG debe establecer e facer públicos as normas de estilo, extensión e estrutura da memoria, así como establecer os prazos para a presentación da documentación e a duración máxima da exposición e defensa.

De acordo co anterior, a Comisión do TFG establece as seguintes normas e prazos para o curso 2020/2021:

1. NORMAS PARA A ELABORACIÓN DA MEMORIA

A memoria terá unha extensión máxima de 20 páxinas de tamaño A4.

A memoria debe incluír, como mínimo, os seguintes apartados:

- Índice, con numeración dos apartados da memoria
- Resúmen
- Introducción
- Obxectivos e Plan de Traballo
- Materiais, métodos e/ou procedemento experimental
- Presentación e discusión de resultados
- Conclusións
- Bibliografía

Toda a información que se considere relevante sobre o traballo realizado debe incluírse na extensión máxima de 20 páxinas da memoria do TFG. Como anexo á memoria pódese incluír o material suplementario (gráficos, táboas, espectros, etc) que se crea conveniente para respaldar os resultados e conclusións.

A portada da memoria terá formato libre, pero debe incluír os seguintes elementos (Ver Anexo I):

- Logotipo da Universidade:
- Imaxe institucional e nome da Facultade de Química
- Texto: "Traballo Fin de Grao – Curso 2020/2021"
- Título do traballo
- Nome do estudante

Como normas de formato para preparar a memoria recoméndase empregar marxes mínimas de 2 cm, tamaño de letra de 12 puntos, interlineado sinxelo e xustifico de párrafo. As táboas e figuras numeraranse de forma consecutiva a medida que aparezan no texto e incluírán un breve encabezado describindo o seu contido. Recoméndase empregar como formato bibliográfico o da *American Chemical Society*.

A memoria pode redactarse en galego, castelán e/ou inglés.



2. DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PARA A DEFENSA E PRAZOS DE PRESENTACIÓN - ESTUDANTES

Os estudantes que desexen defender o Traballo de Fin de Grao deben presentar no Decanato da Facultade a seguinte documentación:

- Un exemplar do TFG en formato pdf debe enviarse á dirección decanatoquimica@uvigo.es. O nome do ficheiro informático deberá ter a estrutura:

TFG2021_Apellidos_Nombre_DNI.pdf

- Formulario de solicitude de defensa do TFG.

Os estudantes obterán o Formulario de solicitude de defensa do TFG a través da Secretaría Virtual mediante o seguinte procedemento:

a) Comprobación da matrícula na Secretaría Virtual: Os estudantes de TFG deben comprobar na pestana "Contidos de TFG" de Secretaría Virtual se están matriculados no TFG deste curso 2020/2021.

b) Realizar a solicitude de defensa cubrindo a información que se solicita: Neste paso debe escribirse o título do TFG en galego, castelán e inglés, xa que esta información aparecerá no acta individual do TFG. Para poder realizar esta solicitude, cada titor terá que emitir previamente o seu "Informe de Conformidade" a través de Secretaría Virtual e os estudantes deben ter superadas todas as materias do grao (excepto o TFG). Se isto último non sucedeu a aplicación permite continuar coa solicitude de defensa pero, de acordo coa Normativa de TFG da Facultade, non será posible a defensa do TFG se non se superaron previamente todas as materias do Grao.

c) Unha copia do resgardo que proporciona a Secretaría Virtual unha vez rematado o proceso debe enviarse por correo electrónico á dirección decanatoquimica@uvigo.es.

Instrucións mais detalladas para solicitar a defensa do TFG na Secretaría Virtual, con notas específicas para o TFG da Facultade de Química, poden atoparse no documento:

- [Solicitude_Defensa_Estudantes_Instruccion-SV.pdf](#)

que se atopa na páxina web

<http://quimica.uvigo.es/traballo-fin-de-grao.html>

As datas límite para a entrega da documentación para os estudantes nas diferentes convocatorias do curso 2019/2020 atopáanse na páxina web:

<http://quimica.uvigo.es/traballo-fin-de-grao.html>

Aqueles estudantes que non entreguen toda a documentación nos prazos establecidos consideraranse como "non presentado" a efectos de cualificación nas actas.



3. DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PARA A DEFENSA E PRAZOS DE PRESENTACIÓN - TITORES

Os titores de Traballos de Fin de Grao deben presentar na dirección decanatoquimica@uvigo.es do Decanato da Facultade a seguinte documentación:

- Informe de avaliación do/s titor/es.

O formulario para o Informe do/s Titor/es pode atoparse na páxina web da Facultade de Química.

<http://quimica.uvigo.es/traballo-fin-de-grao.html>

Ademais os titores terán que emitir un Informe de Conformidade a través da Secretaría Virtual mediante a seguinte procedemento:

a) Comprobar a inclusión dos datos de estudantes e titores na Secretaría Virtual: Os titores de TFG deben comprobar na pestana "Alumnos de TFG" de Secretaría Virtual que estean incluídos os estudantes que están actualmente titorizando.

b) Emitir o "Informe de Conformidade" por parte do titor de TFG: Este informe é un requisito para que os estudantes poden defender os seus TFG. Para emitir este informe os titores deben seguir os pasos que se indican no documento

- Informe_Conformidade_Titores_Instruccion-SV.pdf

que se atopa na páxina web

<http://quimica.uvigo.es/traballo-fin-de-grao.html>

É moi importante que os titores emitan este informe a través da Secretaría Virtual, xa que é imprescindible para que se poidan xerar a acta do TFG.

As datas límite para a entrega dos Informes de Avaliación escritos e dos Informes de Conformidade na Secretaría Virtual para as convocatorias do curso 2020/2021 atópanse na páxina web:

<http://quimica.uvigo.es/traballo-fin-de-grao.html>



4. NORMAS PARA A DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO

A defensa oral do Traballo Fin de Grao farase de forma presencial fronte a un tribunal de tres membros nun acto público.

Cada estudante fará unha exposición oral do seu TFG cunha duración máxima de 10 minutos. A continuación, o Tribunal poderá preguntar ao estudante durante un máximo de 15 minutos sobre aqueles aspectos do traballo realizado que consideren necesarios.

A memoria pode defenderse en galego, castelán e/ou inglés.

As datas para a defensa do TFG nas convocatorias do curso 2020/2021 serán:


- Convocatoria de xuño: 21-25 de xuño de 2021
- Convocatoria de xullo: 20 -23 de xullo de 2021

A Comisión do TFG establecerá e fará pública, con suficiente antelación, o lugar e a hora de celebración do acto de defensa, así como a composición do tribunais e o orden de exposición dos TFG.

As defensas destas convocatorias faranse presencialmente ou a distancia dependendo da evolución da situación sanitaria.



ANEXO I: Exemplo cos elementos mínimos para a portada de Trabajo Fin de Grado

<p>Universidade de Vigo</p>  <p>Facultade de Química</p> <p>TRABALLO FIN DE GRAO – CURSO 2020/2021</p> <p><i>Título do traballo</i></p> <p>Nome do estudante</p>
--

NOTA: O logotipo da Facultade está dispoñible na web da Facultade